



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2024/C003/000005

Relacionado co expediente: 2024/A003/000007

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA REFORMA DA PRANTA BAIXA DO MERCADO MUNICIPAL DE FISTERRA PARA MERCADO MARIÑEIRO.

D. FRANCISCO ANTONIO LESTÓN REDONDA, Concelleiro de Urbanismo do Concello de Fisterra, conforme ao disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), emito o seguinte

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE PREVIO Á LICITACIÓN DA OBRA DENOMINADA “REFORMA DA PRANTA BAIXA DO MERCADO MUNICIPAL DE FISTERRA PARA MERCADO MARIÑEIRO“ (Artigo 28.1 da LCSP)

1. ENCADRE NORMATIVO

O presente documento ten natureza administrativa e é preceptivo en todo expediente de contratación que se siga polos cauces dos procedementos ordinarios de adxudicación, polo que forma parte do expediente de contratación referenciado.

En todo caso, realizase este informe de necesidade, tendo en conta as disposicións contidas na lexislación que resulta de aplicación, que de seguido se indica:

- Constitución española de 1978.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información Pública e Bo Goberno.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.
- Norma ISO 14001.
- Lei 12/2014, de 26 de decembro, de Transparencia e de acceso á información pública.

Para o caso concreto que nos ocupa, o capítulo I do Título I do Libro I da Lei 9/2017, do 8 de novembro, (LCSP), refírese á racionalidade e consistencia da contratación do sector público, establece entre as esixencias que se impoñen á contratación do sector público a “... esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer ...”, por outro lado, o artigo 28.1 vincula a celebración de contratos ao cumprimento e realización dos fins institucionais propios dos entes do sector público que os celebran, a tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretende cubrirse, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas deben ser determinadas con precisión.

Os apartados 1 e 4 do artigo 116 que obrigan a que o expediente de contratación se inicie polo órgano de contratación motivando a súa necesidade, debendo xustificar adecuadamente a necesidade da administración a que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes, e a relación co obxecto do contrato que deberá ser directa, clara e proporcional e a decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

As cuestións litixiosas que puideran suscitarse en relación cos actos que se diten na contratación a realizar poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

2. AREA PROMOTORA E PERSOA RESPONSABLE

A área promotora deste contrato é o Servizo de Urbanismo.

O órgano de contratación designa ao concelleiro responsable do servizo de urbanismo D. Francisco Antonio Lestón Redonda, como responsable do contrato, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa execución se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

3. TIPO DE CONTRATO

A calificación do contrato que se pretende adxudicar é a de Contrato de Obras.

Por outra e como consecuencia da Resolución de 15/07/2024, da Consellería do Mar da Xunta de Galicia pola que se lle concede ao Concello de Fisterra 197.971,99 € para o proxecto de reforma da planta baixa do mercado municipal de Fisterra para "Mercado Mariñeiro", que estrutura a subvención concedida en dúas anualidades, do xeito que segue, a obra tramitarase como obra de carácter plurianual dividida en dúas anualidades de 2024 (88.547,19 €) e 2025 (88.547,18 €):

IV. Conceptos subvencionables:

Anualidade 2024:

Conceptos	Importe solicitado			Importe subvencionable			Importe subvencionado
	Importe	IVE	Total	Importe a minorar	Motivo minoración	Total	Total
Proxecto básico e de execución de reforma da planta baixa do mercado municipal de Fisterra para "Mercado Mariñeiro" asinado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira coag 1542	73.179,49 €	21,00 %	88.547,19 €	0,00 €		88.547,19 €	85.890,77 €

Anualidade 2025:

Conceptos	Importe solicitado			Importe subvencionable			Importe subvencionado
	Importe	IVE	Total	Importe a	Motivo	Total	Total



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

				minorar	minoración		
Proxecto básico e de execución de reforma da planta baixa do mercado municipal de Fisterra para "Mercao Mariñeiro" asinado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira coag 1542	73.179,49 €	21,00 %	88.547,18 €	0,00 €		88.547,18 €	85.890,76 €

4. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Á vista das características e do importe do contrato, propónse a adxudicación a través da tramitación de carácter ordinario mediante o Procedemento Aberto Simplificado con pluralidade de criterios de apreciación automática, segundo o establecido no artigo 159 da Lei 9/2017 (LCSP) no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

5. PRAZO DE EXECUCIÓN

Fixado no PCAP: seis (6) meses

6. OBXECTO

O obxecto do presente contrato é regular as condicións técnicas ás que ha de suxeitarse a realización da obra denominada "REFORMA DA PRANTA BAIXA DO MERCADO MUNICIPAL DE FISTERRA PARA MERCADO MARIÑEIRO", con suxeición ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e ao Proxecto Técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017, (LCSP), incluído o correspondente estudo básico de seguridade e saúde, de acordo co previsto no artigo 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co previsto no artigo 4 do R.D. 105/2008 .

7. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E DA IDONEIDADE, ASÍ COMO A INSUFICIENCIA DE MEDIOS PARA A PRESTACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS QUE SE PRETENDE LICITAR

Cos criterios exixidos na Lei de Contratos do Sector Público, os órganos de contratación a través dos técnicos correspondentes deben xustificar fehacientemente a necesidade e idoneidade do contrato, sen que podan celebrarse contratos que non sexan necesarios para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Por iso, a natureza e extensión das necesidades que se pretende cubrir mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria.

A NECESIDADE debe ser cuberta de acordo coa planificación previa mediante o correspondente expediente de contratación, todo iso coa finalidade de garantir un nivel de calidade óptimo na reforma da pranta baixa do mercado municipal de Fisterra para adicala a mercado mariñeiro.

Así as cousas, as prestacións correspondentes a esta contratación non están incluídas en ningún outro contrato nin se realizan directamente polo concello.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O mercado municipal obxecto desta intervención, atópase dentro do sistema xeral de equipamentos comunitarios do concello que dan servizo a todo o municipio.

Actualmente o concello emprega a pranta baixa do edificio, como mercado especialmente orientado aos produtos locais do mar. A pranta alta do mercado está en obras para acondionalo como espazo destinado a actividades culturais.

O edificio do mercado data dos anos 70 do século pasado, ten unha orientación de leste a oeste, con vías públicas ao leste (Paseo da Ribeira), ao oeste (rúa Arasolis), ao norte (rúa da Mariña) e ao sul (rúa do Mercado).

O obxecto da presente actuación é a reforma, modernización e mellora da funcionalidade e atractivo da pranta baixa do mercado actual, para constituírse nun "Mercado Mariñeiro" no que se dinamice a actividade comercial do mercado tradicional, asignando espazos específicos para poñer en valor especialmente o produto local da pesca e tamén para o mercado dos produtos vexetais como froitas e verduras, proporcionando un espazo cómodo, funcional e atractivo tanto para os comerciantes como para os clientes.

Así as cousas, a finalidade deste proxecto é a mellora da funcionalidade e do atractivo da pranta baixa do mercado municipal para constituírse nun mercado mariñeiro.

A mellora do Mercado Municipal, é necesaria para o eficaz cumprimento das competencias que o concello ten encomendadas con carácter xeral no artigo 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Regulada das Bases do Réxime Local.

A IDONEIDADE do contrato, entendida como a adecuación existente entre o obxecto e o contido da presente contratación, queda, polo tanto, debidamente acreditada xa que, a través da mesma, inclúense todos os elementos e recursos precisos tanto materiais como humanos, para una adecuada execución da obra obxecto do contrato e, consecuentemente, para o cumprimento do principio de servizo público como finalidade de toda actividade administrativa dirixida á realización de fins institucionais.

Por iso, é polo que se considera a idoneidade de proceder a contratación externa da referida obra, para así conseguir os obxectivos previstos e garantir una adecuada satisfacción do interese público.

A INSUFICIENCIA DE MEDIOS persoais ou materias para a realización do contrato, xustifícase porque os medios cos que conta a Administración Municipal para levar a cabo as prestacións obxecto do presente contrato son inadecuados e insuficientes, dada conta da inexistencia de efectivos suficientes para asumir a realización do mesmo. Esta carencia de medios propios, xustifican en base ao artigo 28 da Lei 9/2017 (LCSP) a necesidade de dar trámite á contratación proposta e adxudicar a realización da obra a unha empresa externa.

1º) Insuficiencia de medios persoais.

Na RPT e plantel de persoal do concello de Fisterra, non se dispón do conxunto humano necesario para atender á realización da obra a que se refire este expediente.

Aínda que no servizo de mantemento existen categorías profesionais para a realización dos traballos que se pretenden contratar, se se dedicaran a esta obra, sería con menoscabo das tarefas que veñen realizando na súa actividade diaria.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Insuficiencia de medios materiais.

Que non se dispón dos equipos mecánicos especializados necesarios para a realización desta obra, ao tratarse de prestacións específicas e concretas:

- O Concello de Fisterra non dispón da maquinaria a utilizar neste tipo de obras como pode ser: retrexavadora, volquete, camión, grúa torre, formigoneira, vibradores, ... necesarios para a execución dos traballos.

Ao non dispoñer este concello dos medios materiais e persoais necesarios para o cumprimento das prestación obxecto deste contrato, propónse a contratación externa da referida obra, xa que desde o punto de vista da proporcionalidade, da eficiencia, da eficacia e da economía na utilización dos fondos públicos, considérase mais adecuado.

Cabe manifestar que a relación entre a necesidade e o obxecto do contrato é directa, clara e proporcional. Os fins perseguidos co expediente de contratación iniciado, así como os seus obxectivos permiten afirmar que o contrato proposto circunscríbese nun marco de contratación eficiente, sostible e adecuado.

8. DIVISION EN LOTES.

Conforme ao disposto no Artigo 99 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, xa que estes non constituirían por si cada un deles unha "obra completa" susceptible de utilización independente no senso indicado no Artigo 13 da LCSP, ademáis de que tal división provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes partidas tal e como informa o Arquitecto Redactor do Proxecto. Así, por motivos de eficacia e eficiencia, a presente contratación non se divide en lotes. Coa finalidade de acadar unha mellor consecución dos fins propios deste concello, a presente contratación debe efectuarse nun lote único, xa que se trata dunha única obra.

9. PREZO

- Orzamento base de licitación (artigo 100 LCSP):

Prezo: 146.358,98 €
IVE (21%): 30.735,39 €
Total: 177.094,37 €

- Valor estimado (artigo 101 LCSP):

Prezo: 146.358,98 €
IVE (21%): 30.735,39 €
Total: 177.094,37 €

- Anualidade 2024: 88.547,19 €

- Anualidade 2025: 88.547,18 €

10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Puntuación total: 100 puntos

FASE I - CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS	
DENOMINACION	PUNTUACION

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

PLAN DE CONTROL CALIDADE	5
PROGRAMA DE TRABALLO	10
PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL	5
ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE	5
SUMA	25
FASE II – CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS	
DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN
OFERTA ECONOMICA	43
ESTABILIDADE NO EMPREGO	
Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	13
Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	13
Contratación desempregados	0
IGUALDADE	6
SUMA	75
TOTAL	100

Para a valoración de ofertas, o órgano de contratación estará asistido por:

- Mesa de contratación, nos termos que prevé o artigo 326.2 da LCSP e os artigos 21 e 22 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

O órgano sinalado será responsable da selección das ofertas candidatas, do estudio e calificación das mesmas e da elevación da proposta de adxudicación ao órgano de contratación, a que deberá ser motivada. Poderá ademais, solicitar cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato.

En base ao anterior, de acordo co preceptuado no artigo 28 e para cumprir co disposto no artigo 116 da LCSP, o presente INFORME DE NECESIDADE da inicio ao expediente de contratación da obra denominada “REFORMA DA PRANTA BAIXA DO MERCADO MUNICIPAL DE FISTERRA PARA MERCADO MARIÑEIRO” para licitar e adxudicar o contrato e publicarase no Perfil de Contratante do concello de Fisterra.

Deberá incorporarse ao expediente, con carácter previo ao inicio da licitación, tanto o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) como o Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) polos que se rexerá dito contrato (neste caso concreto Proxecto de Obras), os que contemplarán, definirán e desenvolverán a totalidade de criterios, indicacións e recomendacións contidas neste informe, así como aqueles outros informes e documentos previstos na LCSP aos efectos de completar o referido expediente de contratación, para lograr o pleno cumprimento do obxecto do contrato e a plena necesidade detectada, sempre de acordo co principio de integridade, a busca da mellor relación calidade prezo e demais regras e principios legais aplicables.

Fisterra, 7 de agosto de 2024

O Concelleiro de Urbanismo

Asdo. Francisco Antonio Lestón Redonda